





# galicia e o vento






## GALICIA E O VENTO, A HISTORIA DE GALICIA A TRAVÉS DO VENTO

(UN PROXECTO PRESENTADO POR LÚDICA7DESEÑO)

- Galicia e o vento: una exposición moi atractiva, única e pioneira en Galicia.
- A historia socioeconómica de Galicia contada a través do vento, e como este elemento influíu no devir da historia da nosa comunidade.
- Nunca antes se fixera nada desde esta perspectiva.
- Orientada aos nenos e ás nenas, aos pais e ás nais, con información sobre a nosa historia, culturas, as nosas tradicións e lendas, a nosa economía...
- Máis de 30 paneis de 1,50 x 1,50 metros.
- Unha rosa dos ventos xigante para que os rapaces xoguen e aprendan as diversas significacións do vento na mitoloxía grega e romana.
- Unha proposta visual e tamén sonora que amosa os moitos sons que ten o vento.

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021 galicia

# GALICIA E O VENTO

(A historia socioeconómica e cultural de Galicia contada a través do vento)

Paneis de 1,50 m x 1,50 m

Material: cartón niño de abella

Proxecto financiado polo Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021 galicia

A

# VENTO DO SUESTE

Era o vento encargado de facer madurecer a froita e o millo.

**Apeliotes** era o vento do sueste, tamén chamado ás veces "o vento do outono".

Mitoloxia grega



Mitoloxia romana

**Argestes**

B

# VENTO DO NORTE

Era o deus do frío vento do norte que traía o inverno.

## Bóreas

Bóreas (en grego Βορέας, "vento do norte" ou "devorador"). Bóreas era moi forte e tiña un carácter violento.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

## Aquilo

Tamén se lle chamaba Aquilón, ou un nome máis raro Septentrio.

# VENTO DO NORDÉS

Era o encargado de mandar a sarabía.

**Cecias** Cecias (en grego Kaekias) era o deus vento do nordés. O seu símbolo era un escudo cheo de sarabia.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

**Caecius** Na actualidade indentifícase co vento *Gregal*.

# O VENTO DO OESTE

## Era o vento frutificador, mensaxeiro da primavera.

**Céfiro** Céfiro (en grego Ζέφυρος Zéphyros) era o deus do vento do oeste, fillo de Astreos e de Eos. Céfiro era o máis dócil de todos.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

**Favonio** (Favonius, "favorable") tiña o dominio sobre plantas e flores.

# O VENTO DO NOROESTE

Era o vento frío e seco do comezo do inverno.

**Coro** Coro (en grego Skirion) leva entre os brazos unha vasilla de bronce, da cal espalla ardentes cinzas.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

**Corus** é tamén coñecido como Caurus

# E vento do Leste

## Trae a calor e a choíva vertendo auga cunha vasilla.

**Euro** Euro (en grego Εύροςm Euros) era a deidade que representaba o funesto vento do leste. O seu símbolo era unha xerra invertida que deitaba choiva.

Mitoloxia grega



Mitoloxia romana

**Vulturno** é un deus-río tribal, que despois pasaría a ser a deidade romana do río Tíber.

# Vento do suroeste

Ten no seu poder a popa dun barco.

## Libis

Libis era o deus vento do suroeste. Nas mans, en actitude de dirixir, leva o leme dunha nave.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

## Africus

Africus, tamén chamado "Afer ventus" ("vento africano").

# Vento do sur

## Traía as treboadas do final do verán e do outono.

**Noto** (en grego Νότος, Notos) estaba relacionado co desecador vento quente da saída do Sirio e, por tanto, era temido como destrutor das colleitas.

Mitoloxía grega



Mitoloxía romana

**Austro** era a personificación do siroco, que traía densas nubes, néboa e humidade.



N
HERENCIA · DEL · PASADO · ENERGÍA · DEL · FUTURO
E
S
O
HERDANZA · DO · PASADO · ENERXÍA · DO · FUTURO
BÓREAS
AQUILÓN
NE
CECIAS
CAECIUS
EURO
VULTURNO
SE
APELIOTES
NOTO
AUSTRO
SO
LIBIS
AFRICUS
CÉFIRO
FAVONIO
NO
CORO
CORUS

# O VENTO NA MITOLOXÍA





**CELTA**
Segundo a mitoloxía celta, arraigada en terras galegas desde o ano 700 a. C. aproximadamente, o deus Rudra (vento na tempestade) era o pai do pobo celta.

**GREGA**
Na mitoloxía grega, os Anemoi (en grego "ventos") eran os deuses do vento.

**ROMANA**
As deidades equivalentes aos Anemoi na mitoloxía romana eran os Venti (en latín "ventos").





# A ROSA DOS VENTOS






A rosa dos ventos é unha figura que representa os puntos cardinais: **Norte, Sur, Leste e Oeste** e as direccións determinadas por eles. A rosa máis simple é a de catro puntas, que representan os catro puntos cardinais: **Norte, Sur, Leste e Oeste** e as direccións determinadas por eles. A rosa máis simple é a de catro puntas, que representan os catro puntos cardinais: **Norte**, desde onde sopra o vento chamado **medianoite** ou **tramontana**; **Sur**, desde onde sopra o vento chamado **mediodía** ou **soán**; **Leste**, desde onde sopra o vento chamado **levante**; **Oeste**, desde onde sopra o vento chamado **poñente**.














# A industria ambulante







## AFIADORES E PARAUGUEIROS

Na economía das comunidades tradicionais os oficios desempeñaron sempre un papel fundamental. A vida como a experiencia laboral de centos destes homes que percorreron, e aínda percorren, os camiños cun único instrumento de traballo, a súa **roda de fiar**. Son os propios **afiadores** os que contan o seu traballo, os seus hábitos sociais e os seus costumes.





















# O NOSO ALIADO







O descubrimento da agricultura e sobre todo a conservación dos cereais e logo dos froitos secos permitiu que eses excedentes alimentasen a poboación nómade que se vai asentando en determinados lugares. Polos camiños do mar e empuxados polos ventos e comerciantes do Mediterráneo chega ata a costa galega e xorde un enriquecedor comercio marítimo.


















# O NOSO ALIADO







As **montañas galegas** están entre as máis antigas e erosionadas do mundo, que, por mor diso, non acadan os máis de mil metros de altura, tras millóns de anos de vento e choiva. A historia do vento en Galicia vai máis aló dos coñecidos e populares **muíños de vento**, pois, intuitivamente, na Prehistoria xa se coñecía o potencial desta enerxía.


















# O vento na agricultura e na pesca







No mar a evaporación crea as nubes que o vento empurra cara ao interior de Galicia, onde se precipitan. De aí a abundancia de chuvias que lles dá orixe a milleiros de ríos e regatos. Ese auxe permite a vida das plantas e dos animais e estes, a dos homes que aquí se estableceron. O vento tivo moita importancia ao redor da industria muiñeira galega. Esta foi a máis estendida desde a Idade Media; cada aldea galega posuía, polo menos, un **muíño**, e nas activas cidades medievais había varios.





















# Muiños de vento. As orixes







O muiño, como o seu nome indica, utilizouse nun principio para moer cereais, especialmente o millo. O muiño é a máquina que transforma o vento en enerxía renovable. Julio Caro Baroja opina que o mundo grecorromano xa coñecía os fundamentos mecánicos do movemento de roda exposta ao aire. Así mesmo, sostén que os muiños de vento son de invención oriental, froito das culturas arábiga e chinesa, e que se trouxeron ata o Mediterráneo a través da cultura islámica e europea na Idade Media.





















# O VENTO NA PESCA E NA AGRICULTURA







En Galicia a auga e a humidade destrúe case todo. Foi un logro que os nosos devanceiros conseguisen conservar os grans dos cereais, a palla, as castañas e outros froitos mediante o secado e logo outros alimentos (a carne e o peixe) mediante a afumadura e a salga.

## AS CONSERVEIRAS

Nesta época xorde a **salga**: proceso que permite prolongar a vida dos alimentos mediante o secado ao sol e curado ao aire frío.





















# Os secadoiros







Aparecen ante a necesidade de intentar garantir a chegada do peixe ao seu lugar de destino cando non existía industria conxeladora nin conserveira.




## OS ÚLTIMOS SECADOIROS DE CONGRO

Na vila de **Muxía** consérvanse os únicos secadoiros de congro de todos os que houbo ao longo da Costa da Morte.


















# O VENTO NA INDUSTRIA E O COMERCIO







A costa galega ten cada vez maior atractivo para a xente navegante e afeccionada á náutica deportiva. Isto débese á mellora das comunicacións por terra, ao considerable atractivo das rías galegas e ás características que as fan navegables durante todo o ano.





















# O VENTO NA INDUSTRIA E O COMERCIO







## CONSTRUCIÓN NAVAL

A **construción naval** é un sector que está moi arraigado na nosa terra. Os carpinteiros de ribeira desde a Idade Media crearon unha industria con tradición e cun longo pasado na nosa comunidade. En cada vila costeira existía polo menos un estaleiro, que creaba postos de traballo e riqueza para a zona.





















# a Linguaxe do vento







O **abano**, ademais de se converter nun elemento indispensable na indumentaria dunha época, constituíu un instrumento de comunicación ideal nun momento no que a liberdade de expresión para as mulleres estaba totalmente restrinxida.





















# aviadores




## AVIADOR LORIGA




Joaquín Loriga Taboada, aviador e militar nado en San Martiño de Prado (Lalín) o 23 de setembro de 1895, pilotou no aeródromo de Cuatro Vientos o autoxiro de Juan de la Cierva na súa proba inaugural ata Getafe, en 1926, e participou no voo Madrid-Manila.





















# MITOS E LENDAS







## LENDAS E TRADICIÓNS

Que lendas e tradicións se asocian co vento? Segundo de onde veña o vento, pódese predicir o tempo? Poden preñar as mulleres? Poden preñar as eguas? Hai moitos refráns, lendas e mitos relativos ao vento. Entre eles, o que di que a moza do vento é a **Virxe da Barca de Muxía.**




## ARQUEOLOXÍA EROSIONADA

O vento esculpe as pedras con formas e siluetas.  A erosión.


















# O VENTO NA CULTURA










## O VENTO E A MÚSICA: O ASUBÍO, A BUGUINA, O CHIFRE

Tomada na súa acepción máis ampla, a música e o vento manifestanse en todas as facetas da existencia: desde as cancións de berce ata as cantigas que acompañan o traballo do mar e da terrra, a música e o vento en Galicia marcan o ritmo da vida cotiá.

As **bandas de música** son moi tradicionais en Galicia. A **gaita** é o instrumento galego máis típico. O **baile** máis característico de Galicia é a **muiñeira**.


















## ESCENAS COTIÁS

- Rapazas con saias levantadas polo vento.
- Foto de Marilyn Monroe (exemplo máis clásico).
- Paraugas dobrados (polo vendaval).
- Parcas ao vento nunha lancha, barco etc.
- Un chapeu que voa.
- Trigo ao vento, árbores dobradas polo vento.



























# ACCIÓNS NEGATIVAS DO VENTO




## FURACÁNS E CICLÓNS

En outubro de 1984 chega a Galicia o **ciclón tropical Hortensia**. Con ventos de ata 180 km/h, deixa abundantes precipitacións que asolagan as catro provincias galegas. En xaneiro de 2009 o **ciclón tropical Klaus** chega ata as nosas costas e deixa un ronsel de destrución ao seu paso. Os seus refachos de vento, que chegaron ata os 198 km/h, rexistrados en Bares, superan os do Hortensia. Consolídase así como o temporal máis violento que azoutou Galicia.
























# enerxía eólica




## OS PRIMEIROS AEROXERADORES

**O vento** é unha masa de aire en movemento. Esta masa de aire posúe enerxía mecánica que é proporcional á súa velocidade e pode ser aproveitada en moitas aplicacións e é a que denominamos **enerxía eólica.**
























# os inicios da enerxía eólica en galicia







Galicia é unha das comunidades autónomas con maior potencial eólico, sobre todo nas zonas entre os **cabos de Estaca de Bares e Fisterra.** O aproveitamento da enerxía eólica para producir electricidade comeza en Galicia a principios dos 80.












Queres expoñer este traballo no teu instituto ou centro social?

Enviámosche gratis un pdf en formato A3

LúdicaLibros

info@ludica7.com

galícia e o vento